

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CMTCP02	Calzado e complementos de moda	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0606	Técnicas de fabricación de calzado á medida e ortopédico	2023/2024	8	139	166

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA BEGOÑA ÁLVAREZ PÉREZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación realízase para o proxecto de FP dual coas empresas, Curtidos Galaicos S.L. e Industrias Losal S.L., no que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no Centro Formativo.

O módulo MP0606, TÉCNICAS DE FABRICACIÓN DE CALZADO Á MEDIDA E ORTOPÉDICO pertencente ao 2º CURSO DO CICLO MEDIO CMTCP02, CALZADO E COMPLEMENTOS DE MODA, toma como referencia o Real Decreto 257/2011, del 28 de febrero, polo que se establece o título de Técnico en Calzado y Complementos de Moda e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

Introdúcense as modificacións necesarias para adecuar a docencia ás características das empresas colaboradoras e ás calidades do alumnado, baseándose, a nivel curricular, para esta adecuación, no perfil profesional do título, determinado pola competencia Xeral, polas competencias profesionais, persoais e sociais, e polas unidades de competencia do catálogo nacional de cualificacións profesionais, determinadas na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional que se concretan no decreto do currículo.

### COMPETENCIA XERAL DO TÍTULO:

A competencia xeral do título consiste en realizar as operacións de corte de peles e materiais para a ensamblaxe, montado e acabado, industrial e a medida, de calzado estándar, ortopédico, para espectáculos e complementos de moda.

O módulo profesional MP0606 Técnicas de fabricación de calzado á medida e ortopédico, de acordo ao establecido no Artigo 8 de la Ley Orgánica 5/2002, de 19 de junio, acredita as seguintes unidades de competencia:

UC1503\_2. Adaptar formas base para fabricar calzado á medida e ortopédico.

UC1504\_2. Elaborar calzado á medida e ortopédico

### ORIENTACIÓNS PEDAGÓXICAS:

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de produción/transформación artesanal de calzado á medida e ortopédico.

A fabricación artesanal de calzado á medida e ortopédico, inclúe aspectos como:

- Toma de medidas do pé e a perna.
- Adaptación de formas ás plantillas e suplementos.
- Elaboración de modelos, axustándose á forma.
- Montaxe de calzado á medida e ortopédico, con técnicas artesanais.
- Acabamento de calzado artesanal, a medida e ortopédico.

### AS ACTIVIDADES PROFESIONAIS ASOCIADAS A ESTA FUNCIÓN APLICARANSE EN :

- Fabricación de calzado Á medida.
- Fabricación de calzado ortopédico.

A formación do módulo contribúe a acadar os obxectivos xerais a), b), c), f), g), i), ñ), p) e r), do ciclo formativo, e as competencias a), b), d), h), j), k), m), n), ñ), p) e q) do título.

**OBXECTIVOS XERAIS ASOCIADOS A ESTE MÓDULO:**

- a) Describir as fases do proceso da fabricación de calzado e complementos, relacionándoas coas características do produto final, para determinar as operacións que se deben executar.
- b) Adaptar os patróns, para optimizar o corte de tecidos, peles e outros materiais.
- c) Identificar as técnicas básicas de elaboración de patróns e prototipos, describindo as características do modelo para a fabricación industrial e a medida de calzado e complementos de moda.
- d) Identificar as necesidades de mantemento de máquinas e equipos, xustificando a súa importancia para asegurar a súa funcionalidade. e) Seleccionar útiles, ferramentas e accesorios, analizando o proceso de produción e as indicacións da ficha técnica do produto, para preparar as máquinas, equipos e materiais.
- l) Aplicar sistemas de montaxe de calzado, seleccionando materiais, máquinas e equipamentos para obter produtos axustados ao modelo.
- ñ) Adoptar e valorar solucións creativas ante problemas e contingencias que se presentan no desenvolvemento dos procesos de traballo para resolver de forma responsable as incidencias da súa actividade.
- p) Analizar os riscos ambientais e laborais asociados á actividade profesional, relacionándoos coas causas que os producen a fin de fundamentar as medidas preventivas que se van adoptar, e aplicar os protocolos correspondentes, para evitar danos nun mesmo, nas demais persoas, na contorna e no medio ambiente.
- r) Aplicar e analizar as técnicas necesarias para mellorar os procedementos de calidade do traballo no proceso de aprendizaxe e do sector produtivo de referencia

**COMPETENCIAS PROFESIONAIS, PERSOAIS E SOCIAIS ASOCIADAS A ESTE MÓDULO**

- a) Interpretar as fichas técnicas e manuais do procedemento para cumprimentar os requisitos da normativa e dar resposta ás solicitudes do cliente.
- b) Preparar formas e adaptar padróns para a fabricación de calzado a medida.
- d) Preparar maquinaria, útiles e ferramentas para os procesos de fabricación a medida do calzado.
- h) Acabar e almacenar os artigos, etiquetando e referenciando os mesmos de acordo aos protocolos establecidos.
- j) Elaborar calzado á medida e ortopédico, asustándoos á ficha técnica, prescrición facultativa e/ou demandas do cliente, e cumprindo os criterios de calidade e seguridade establecidos.
- k) Verificar as medidas finais dos produtos e a súa presentación para a entrega aos clientes, cumprindo os prazos establecidos.
- m) Adaptarse ás novas situacións laborais orixinadas polos cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos, actualizando os seus coñecementos utilizando os recursos existentes para a «aprendizaxe ao longo da vida» e as tecnoloxías da comunicación e da información.
- n) Actuar con responsabilidade e autonomía no ámbito da súa competencia, organizando e desenvolvendo o traballo asignado cooperando ou traballando en equipo con outros profesionais na contorna de traballo.
- ñ) Resolver de forma responsable as incidencias relativas á súa actividade, identificando as causas que as provocan, dentro do ámbito da súa competencia e autonomía.
- p) Aplicar os protocolos e as medidas preventivas de riscos laborais e protección ambiental durante o proceso produtivo, para evitar danos nas persoas e na contorna laboral e ambiental.
- q) Aplicar procedementos de calidade, de accesibilidade universal e de «deseño para todos» nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.

**ORIENTACIÓNS PEDAGÓXICAS:**

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de produción/transformación artesanal de calzado a medida e ortopédico.

**ENTORNO PROFESIONAL DO TÍTULO:**

As persoas que obteñen este título exercen a súa actividade en empresas e talleres de fabricación industrial de calzado e artigos de marroquinaría, dedicadas ao preparado, corte de materiais, ensamblaxe, montado e acabado de calzado e complementos de moda. De igual modo pode exercer a súa actividade en establecementos dedicados á elaboración artesanal de calzado a medida, ortopédico e para o espectáculo.

As ocupacións e postos de traballo máis relevantes son os seguintes:

- Cortador de pel e coiro.
- Cortador de pezas para aparado e montaxe de calzado.
- Cortador de marroquinería e guantería en pel ou coiro.
- Operador de máquinas cortadoras de pezas de calzado
- Cortador a man.
- Cortador con máquina.
- Operador de máquinas de pre-ensamblado.
- Operador de máquinas de montar, aformar e outras.
- Operador de máquina de vulcanizado de pisos de calzado.
- Operador de máquinas de inxección de pisos de calzado.
- Operador de máquinas de acabado de calzado.
- Operador de máquinas para fabricar artigos de marroquinería.
- Operador de máquina industrial de coser.
- Operador de máquinas de acabado.
- Montador de calzado a máquina.
- Montador de calzado a man.
- Zapateiro de calzado a medida.
- Zapateiro ortopédico

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	58	20
2	Características do pé. Toma de medidas e realización de moldes dos pés	Estudo do pé, a súa conformación, deformacións e malformacións,. A toma de medidas e a realización dos moldes para a elaboración de calzado a medida e ortopédico.	15	15
3	Preparación de formas e soletas adaptadas á medida	A preparación das formas para a obtención da conformación do pé e as medidas tomadas.	20	15
4	Elaboración de padróns axustados á forma adaptada á medida	Axuste dos padróns á forma realizada .	29	20
5	Corte, aparaxe e montaxe de calzado adaptado á medida	Elaboración do zapato ortopédico e a medida. Métodos e procedementos: corte, aparaxe, montaxe e acabamento.	29	20
6	Acabamentos no calzado adaptado á medida, control de calidade	Procedementos para diferentes tipos de acabamentos no calzado á medida e ortopédico . Control de calidade.	15	10

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	58

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Toma medidas antropométricas do pé e da perna, establecendo as diferenzas cos parámetros estándar	NO
RA4 - Monta calzado á medida e ortopédico, aplicando técnicas artesanais de montaxe, aparaxe e acabado	NO
RA5 - Acaba o calzado á medida e ortopédico, seleccionando os produtos e as operacións para a súa presentación final	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Tomáronse as medidas do pé e da perna con cinta métrica, marco e podómetro
CA1.4.2 Tomáronse as medidas do pé e perna, conforme as indicacións do responsable na empresa con fita e marco
CA1.5 Realizáronse moldes dos pés para a obtención de formas ou soletas
CA1.5.1 Realizáronse moldes dos pés para a obtención de formas ou soletas, na empresa
CA1.6 Relacionáronse as medidas obtidas cos parámetros estándar
CA1.6.1 Relacionáronse as medidas obtidas cos parámetros estándar, na empresa
CA4.1 Seleccionáronse materiais, compoñentes e elementos ortopédicos ou funcionais
CA4.1.1 Seleccionáronse materiais, compoñentes e elementos ortopédicos ou funcionais, na empresa
CA4.2 Seleccionáronse e preparáronse as máquinas, as ferramentas e os utensilios necesarios na fabricación artesanal á medida e ortopédica
CA4.2.1 Seleccionáronse e preparáronse as máquinas, as ferramentas e os utensilios necesarios na fabricación artesanal á medida e ortopédica na empresa
CA4.3 Realizáronse as operacións de preparación para a montaxe artesanal (preparación de topes e contrafortes, moldeamento manual, cravado de planta e preparación de fendeduras)
CA4.3.1 Realizáronse as operacións de preparación para a montaxe artesanal (preparación de topes e contrafortes, moldeamento manual, cravado de planta e preparación de fendeduras), na empresa
CA4.4 Realizáronse as operacións da montaxe artesá (colocación da soleta, recheos e colocación do cambrillón)
CA4.4.1 Realizáronse as operacións da montaxe artesá (colocación da soleta, recheos e colocación do cambrillón), na empresa
CA4.5 Realizáronse artesanalmente as operacións de pegado e cosedura de pisos
CA4.5.1 Realizáronse artesanalmente as operacións de pegado e cosedura de pisos, na empresa coa maquinaria alí dispoñible
CA4.6 Realizáronse as operacións de pegado ou cravado de tacóns, plataformas e cuñas
CA4.6.1 Realizáronse as operacións de pegado ou cravado de tacóns, plataformas e cuñas, na empresa, coa maquinaria alí dispoñible

Criterios de avaliación
CA4.7 Realizáronse os procedementos con autonomía, orde, método e precisión
CA4.7.1 Realizáronse os procedementos con autonomía, orde, método e precisión, no traballo realizado na empresa
CA4.8 Aplicáronse as medidas de seguridade na montaxe de calzado á medida e ortopédico
CA4.8.1 Aplicáronse as medidas de seguridade na montaxe de calzado á medida e ortopédico, na empresa
CA5.1 Seleccionáronse e preparáronse produtos, materiais, ferramentas e accesorios
CA5.1.1 Seleccionáronse e preparáronse produtos, materiais, ferramentas e accesorios, na empresa
CA5.2 Realizáronse as operacións artesanais de acabado de calzado á medida e ortopédico
CA5.2.1 Realizáronse as operacións artesanais de acabado de calzado á medida e ortopédico, na empresa
CA5.3 Verificouse a calidade, a estética, a comodidade, a aparencia e a solidez do produto acabado
CA5.3.1 Verificouse a calidade, a estética, a comodidade, a aparencia e a solidez do produto acabado, segundo os criterios da empresa
CA5.4 Comprobase que o produto terminado se axuste á ficha técnica e, de ser o caso, ás prescricións facultativas
CA5.4.1 Comprobase que o produto terminado se axuste á ficha técnica proporcionada pola empresa e, de ser o caso, ás prescricións facultativas, tamén proporcionadas pola empresa
CA5.5 Realizáronse os procedementos con autonomía, orde, método e precisión
CA5.5.1 Realizáronse os procedementos con autonomía, orde, método e precisión, na empresa
CA5.6 Aplicáronse as medidas de seguridade no acabado de calzado á medida e ortopédico
CA5.6.1 Aplicáronse as medidas de seguridade no acabado de calzado á medida e ortopédico na estadía na empresa

#### 4.1.e) Contidos

Contidos
Moldes dos pés para a obtención de formas ou soletas. Moldes dos pés para a obtención de formas ou soletas no CT
Materiais empregados para a obtención de moldes. Materiais empregados para a obtención de moldes, no CT
Toma de medidas do pé e da perna. Toma de medidas do pé e da perna no CT
Materiais e instrumentos de medida: cinta métrica, podómetro e marco. Materiais e instrumentos de medida: cinta métrica, podómetro e marco no CT
Materiais, compoñentes e elementos ortopédicos ou funcionais: soletas, plataformas, cuñas, cortes aparados, plantas, tacóns e pisos. Materiais, compoñentes e elementos ortopédicos ou funcionais: soletas, plataformas, cuñas, cortes aparados, plantas, tacóns e pisos. Practica na empresa
Máquinas, ferramentas e utensilios específicos: preparación para o seu uso.

**Contidos**

Máquinas, ferramentas e utensilios específicos: preparación para o seu uso. Práctica na empresa

Preparación para a montaxe artesanal: topes e contrafortes; moldeamento manual; cravado de recheos; preparación de fendeduras.

reparación para a montaxe artesanal: topes e contrafortes; moldeamento manual; cravado de recheos; preparación de fendeduras. Práctica na empresa

Montaxe de calzado artesanal: sobre a forma do corte ganduxado; recheos; pegado ou cravado de pisos, tacóns, plataformas e cuñas; cosedura de planta, corte e vira; colocación de cambrillón.

Montaxe de calzado artesanal: sobre a forma do corte ganduxado; recheos; pegado ou cravado de pisos, tacóns, plataformas e cuñas; cosedura de planta, corte e vira; colocación de cambrillón. Práctica na empresa

Autonomía, orde, método e precisión na realización dos procesos.

Autonomía, orde, método e precisión na realización dos procesos. Práctica na empresa

Medidas de seguridade na montaxe de calzado á medida e ortopédico.

Medidas de seguridade na montaxe de calzado á medida e ortopédico. Práctica na empresa

Produtos, materiais, ferramentas e accesorios para o acabado artesanal de calzado (tinturas, cepillos e coitelas): selección e preparación.

Produtos, materiais, ferramentas e accesorios para o acabado artesanal de calzado (tinturas, cepillos e coitelas): selección e preparación na empresa.

Operacións de acabado para calzado artesanal: recorte de calados e ocos; limpeza; colocación de plantas estándar ou ortopédicas; reparación de danos, tinguidura de cantos en cortes montados; acabado de cantos en pisos e tacóns; cepillado (pulido e abrillantado).

Operacións de acabado para calzado artesanal: recorte de calados e ocos; limpeza; colocación de plantas estándar ou ortopédicas; reparación de danos, tinguidura de cantos en cortes montados; acabado de cantos en pisos e tacóns; cepillado (pulido e abrillantado), na empresa.

Calidade, estética, comodidade e solidez do calzado acabado.

Calidade, estética, comodidade e solidez do calzado acabado na estadía na empresa.

Autonomía, orde, método e precisión na realización dos procesos.

Autonomía, orde, método e precisión na realización dos procesos durante a estadía na empresa.

Medidas de seguridade no acabado de calzado artesanal.

Medidas de seguridade no acabado de calzado artesanal na empresa



**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Características do pé.Toma de medidas e realización de moldes dos pés	15

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Toma medidas antropométricas do pé e da perna, establecendo as diferenzas cos parámetros estándar	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Explicouse a anatomía das extremidades inferiores (ósos, músculos e articulacións)
CA1.2 Identificáronse as malformacións e as patoloxías do pé
CA1.3 Interpretáronse as prescricións facultativas
CA1.4 Tomáronse as medidas do pé e da perna con cinta métrica, marco e podómetro
CA1.4.1 Tomáronse as medidas do pé e perna, e fíxose o exercicio no CE (Centro Educativo) conforme as indicacións do profesor con fita e marco
CA1.5 Realizáronse moldes dos pés para a obtención de formas ou soletas
CA1.5.2 Realizáronse moldes dos pés para a obtención de formas ou soletas no CE
CA1.6 Relaciónáronse as medidas obtidas cos parámetros estándar
CA1.6.2 Relaciónáronse as medidas obtidas cos parámetros estándar no C.E.
CA1.7 Identificáronse os tipos de movementos do pé e o tipo de pegada na marcha.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Anatomía das extremidades inferiores (ósos, músculos e articulacións).
0Expresións da marcha e factores influentes.
Moldes dos pés para a obtención de formas ou soletas.
Moldes dos pés para a obtención de formas ou soletas no CE
Materiais empregados para a obtención de moldes.
Materiais empregados para a obtención de moldes no CE
Malformacións e patoloxías do pé. Deformidades debidas ao extremo do zapato, ao tacón e á sola. Tipos de arcos plantares: plano, equino, talus, valgus e varus. Calosidades. Xoanetes.
Malformacións da perna: pernas en X ou en O.
Prescricións facultativas: interpretación.
Medidas antropométricas estándar: alturas, lonxitudes, anchuras, perímetros, ángulos e desviación de eixe.

Contidos

Toma de medidas do pé e da perna.

Toma de medidas do pé e da perna no CE

Técnicas: pé en estado de carga e en estado de descarga.

Materiais e instrumentos de medida: cinta métrica, podómetro e marco.

Materiais e instrumentos de medida: cinta métrica, podómetro e marco no CE

Tipo de lonxitude dos dedos do pé: grego, exipcio e cadrado, e as súas variacións.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Preparación de formas e soletas adaptadas á medida	20

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Adapta formas a soletas e a suplementos ortopédicos, aplicando técnicas de adición ou subtracción	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Seleccionáronse formas base, soletas e suplementos ortopédicos
CA2.2 Aplicáronse técnicas de adición ou subtracción
CA2.3 Aumentáronse ás formas volumes que permitan incorporar, soletas ou suplementos
CA2.4 Adaptáronse ás formas fundamentos estéticos (puntas e crebaduras)
CA2.5 Comprobouse que as formas cumpran as medidas requiridas na ficha técnica ou no informe facultativo

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Formas base: tipos e características.
Soletas e outros suplementos ortopédicos: tipos e características.
Adaptación de forma base: técnicas de adición ou subtracción.
Adaptación ás formas obtidas por molde: fundamentos estéticos.
Aumento de volumes ás formas para incorporar soletas ou suplementos.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Elaboración de padróns axustados á forma adaptada á medida	29

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora modelos axustándose ás formas e aos elementos ortopédicos	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícaronse as características funcionais e biomecánicas do calzado que cumpra fabricar
CA3.2 Identifícaronse os modelos e os elementos ortopédicos, estéticos ou funcionais
CA3.3 Marcáronse puntos de calzo na forma
CA3.4 Adaptouse o tipo de modelo á forma e aos elementos ortopédicos, estéticos e funcionais
CA3.5 Realizouse o padrón
CA3.6 Obtivéronse os padróns do modelo axustado e dos elementos ortopédicos
CA3.7 Adaptáronse os padróns base ás medidas da forma personalizada ou á incorporación de elementos ortopédicos
CA3.8 Marcáronse as costuras no patrón segundo o tipo de fabricación e as rañuras que axudan ao aparado

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Características funcionais e biomecánicas do calzado.
Modelos: tipos. Elaboración.
Elementos ortopédicos, estéticos ou funcionais (bluchers, inglés, manoletinas, salóns e mercedes, sandalias e botas).
Puntos de calzo básicos na forma.
Adaptación do modelo. Axuste á forma e aos elementos ortopédicos, estéticos ou funcionais.
Modelo: fases da súa obtención.
Padróns do modelo e dos elementos ortopédicos. Obtención e adaptación de padróns
Tipos de fabricación e características para realización do modelo.
Tipos de marxes que hai que aplicar no despezamento: voltos, entres, costuras, festóns, vivos, reberetes, recortes de forro e moldeamentos.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Corte, aparaxe e montaxe de calzado adaptado á medida	29

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Monta calzado á medida e ortopédico, aplicando técnicas artesanais de montaxe, aparaxe e acabamento	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Selecciónáronse materiais, compoñentes e elementos ortopédicos ou funcionais
CA4.1.2 Selecciónáronse materiais, compoñentes e elementos ortopédicos ou funcionais, no C.E.
CA4.2 Selecciónáronse e preparáronse as máquinas, as ferramentas e os utensilios necesarios na fabricación artesanal á medida e ortopédica
CA4.2.2 Selecciónáronse e preparáronse as máquinas, as ferramentas e os utensilios necesarios na fabricación artesanal á medida e ortopédica, no C.E.
CA4.3 Realizáronse as operacións de preparación para a montaxe artesanal (preparación de topes e contrafortes, moldeamento manual, cravado de planta e preparación de fendeduras)
CA4.3.2 Realizáronse as operacións de preparación para a montaxe artesanal (preparación de topes e contrafortes, moldeamento manual, cravado de planta e preparación de fendeduras), no C.E.
CA4.4 Realizáronse as operacións da montaxe artesá (colocación da soleta, recheos e colocación do cambrillón)
CA4.4.2 Realizáronse as operacións da montaxe artesá (colocación da soleta, recheos e colocación do cambrillón), no C.E.
CA4.5 Realizáronse artesanalmente as operacións de pegado e cosedura de pisos
CA4.5.2 Realizáronse artesanalmente as operacións de pegado e cosedura de pisos, no C.E. coa maquinaria alí dispoñible
CA4.6 Realizáronse as operacións de pegado ou cravado de tacóns, plataformas e cuñas
CA4.6.2 Realizáronse as operacións de pegado ou cravado de tacóns, plataformas e cuñas, no C.E., coa maquinaria alí dispoñible
CA4.7 Realizáronse os procedementos con autonomía, orde, método e precisión
CA4.7.2 Realizáronse os procedementos con autonomía, orde, método e precisión, no traballo realizado no C.E.
CA4.8 Aplicáronse as medidas de seguridade na montaxe de calzado á medida e ortopédico
CA4.8.2 Aplicáronse as medidas de seguridade na montaxe de calzado á medida e ortopédico, no C.E.
CA4.9 Realizáronse todo tipo de operacións de aparaxe e cosedura de corte, forro, suadoiros, etc, coas técnicas que requira cada tipo de costura.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Aparaxe de calzado artesanal. Confección segundo tipo de costura de corte, forro, etc.

**Contidos**

Materiais, compoñentes e elementos ortopédicos ou funcionais: soletas, plataformas, cuñas, cortes aparados, plantas, tacóns e pisos.

Materiais, compoñentes e elementos ortopédicos ou funcionais: soletas, plataformas, cuñas, cortes aparados, plantas, tacóns e pisos. Teoría e práctica no C.E.

Máquinas, ferramentas e utensilios específicos: preparación para o seu uso.

Máquinas, ferramentas e utensilios específicos: preparación para o seu uso. Teoría e práctica no C.E.

Preparación para a montaxe artesanal: topes e contrafortes; moldeamento manual; cravado de recheos; preparación de fendeduras.

Preparación para a montaxe artesanal: topes e contrafortes; moldeamento manual; cravado de recheos; preparación de fendeduras. Teoría e práctica no C.E.

Montaxe de calzado artesanal: sobre a forma do corte ganduxado; recheos; pegado ou cravado de pisos, tacóns, plataformas e cuñas; cosedura de planta, corte e vira; colocación de cambrillón.

Montaxe de calzado artesanal: sobre a forma do corte ganduxado; recheos; pegado ou cravado de pisos, tacóns, plataformas e cuñas; cosedura de planta, corte e vira; colocación de cambrillón. Teoría e práctica no C.E.

Autonomía, orde, método e precisión na realización dos procesos.

Autonomía, orde, método e precisión na realización dos procesos. Teoría e Práctica no C.E.

Medidas de seguridade na montaxe de calzado á medida e ortopédico.

Medidas de seguridade na montaxe de calzado á medida e ortopédico. Teoría e práctica no C.E.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Acabamentos no calzado adaptado á medida, control de calidade	15

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Acaba o calzado á medida e ortopédico, seleccionando os produtos e as operacións para a súa presentación final	NO

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Seleccionáronse e preparáronse produtos, materiais, ferramentas e accesorios
CA5.1.2 Seleccionáronse e preparáronse produtos, materiais, ferramentas e accesorios, no C.E.
CA5.2 Realizáronse as operacións artesanais de acabado de calzado á medida e ortopédico
CA5.2.2 Realizáronse as operacións artesanais de acabado de calzado á medida e ortopédico, no C.E.
CA5.3 Verificouse a calidade, a estética, a comodidade, a aparencia e a solidez do produto acabado
CA5.3.2 Verificouse a calidade, a estética, a comodidade, a aparencia e a solidez do produto acabado, segundo os criterios do profesor do C.E.
CA5.4 Comprobase que o produto terminado se axuste á ficha técnica e, de ser o caso, ás prescricións facultativas
CA5.4.2 Comprobase que o produto terminado se axuste á ficha técnica proporcionada polo profesor do C.E. e, de ser o caso, ás prescricións facultativas proporcionadas polo profesor do C.E.
CA5.5 Realizáronse os procedementos con autonomía, orde, método e precisión
CA5.5.2 Realizáronse os procedementos con autonomía, orde, método e precisión, no C.E.
CA5.6 Aplicáronse as medidas de seguridade no acabado de calzado á medida e ortopédico
CA5.6.2 Aplicáronse as medidas de seguridade no acabado de calzado á medida e ortopédico no calzado realizado no C.E.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Produtos, materiais, ferramentas e accesorios para o acabado artesanal de calzado (tinturas, cepillos e coitelas): selección e preparación.  Produtos, materiais, ferramentas e accesorios para o acabado artesanal de calzado (tinturas, cepillos e coitelas): selección e preparación, no C.E.
Operacións de acabado para calzado artesanal: recorte de calados e ocos; limpeza; colocación de plantas estándar ou ortopédicas; reparación de danos, tinguidura de cantos en cortes montados; acabado de cantos en pisos e tacóns; cepillado (pulido e abrillantado).  Operacións de acabado para calzado artesanal: recorte de calados e ocos; limpeza; colocación de plantas estándar ou ortopédicas; reparación de danos, tinguidura de cantos en cortes montados; acabado de cantos en pisos e tacóns; cepillado (pulido e abrillantado), no C.E.
Calidade, estética, comodidade e solidez do calzado acabado.  Calidade, estética, comodidade e solidez do calzado acabado durante o curso no C.E.
Autonomía, orde, método e precisión na realización dos procesos.



Contidos

Autonomía, orde, método e precisión na realización dos procesos que se fagan no C.E.

Medidas de seguridade no acabamento de calzado artesanal.

Medidas de seguridade no acabamento de calzado artesanal, no C.E.



## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### MÍNIMOS EXIXIBLES:

Os mínimos exigibles son todos os Criterios de Avaliación CA presentes no currículo e todos aqueles dispostos polo docente -se os houber- que o docente considerou como MÍNIMOS EXIXIBLES para superar o módulo.

Estes mínimos exigibles figuran no apartado 4c (axustar avaliación) desta mesma programación. Polo tanto, para superar o módulo é requirimento obrigatorio obter unha avaliación positiva en todos estes CA considerados mínimos exigibles. (se isto non se cumpre, poden/deben ser recuperados nas probas de recuperación).

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA PARTE DESTA PROGRAMACIÓN QUE SE IMPARTIRÁ NO CENTRO EDUCATIVO (CE):

O alumno será avaliado segundo o peso aplicado a cada un dos CA. Estas porcentaxes están reflectidas nesta mesma programación no apartado 4.c. e suman un 100% por Unidade didáctica (UD).

Para obter a nota de cada CA utilizaranse uns instrumentos de avaliación determinados, estes poden ser:

- PROBAS ESCRITAS
- TÁBOAS DE OBSERVACIÓN
- TÁBOAS DE COTEXO.

Estas metodoloxías de avaliación pódense aplicar sobre:

- PROCESOS OU PROCEDEMENTOS DE TRABALLO NA AULA
- RESULTADOS OU PRODUTOS DE TRABALLOS REALIZADOS
- PROBAS ESCRITAS E/OU PROBAS PRÁCTICAS.

Polo tanto, cada avaliación pode constar:

- 1- DUNHA OU MÁIS PROBAS TEÓRICO-PRÁCTICAS (un ou máis exames con cuestións teóricas e/ou unha ou máis probas prácticas de taller).
- 2- DUNS TRABALLOS PRÁCTICOS, (uns traballos propostos que teñen que estar rematados e entregados en prazo)
- 3- DUNHAS OBSERVACIÓNS DE PROCEDEMENTO, (unhas observacións sobre a actividade realizada na aula).

Cada traballo ou proba constará dos CA que lle correspondan. Aplicaranse os instrumentos de avaliación correspondentes en función dos ítem das táboas de indicadores para cada CA e o resultado, ponderarase ou aplicarase en función da porcentaxe (peso) que lle corresponde segundo o apartado 4c desta programación.

Proporcionaráselle aos alumnos una táboa con ditos criterios e porcentaxes para que poidan verificar as puntuacións e informaráselles dos CA impartidos por cada UD.

**CÁLCULO DA NOTA FINAL DA AVALIACIÓN:**

Esta nota será calculada coa suma de tódalas puntuacións ponderadas (resultados de aplicar cada porcentaxe) acadadas nos CA correspondentes e calculando á media aritmética das UD impartidas en cada avaliación.

Se quedase algunha UD incompleta no trimestre, os CA. Ponderaranse proporcionalmente en función da porcentaxe da UD impartida nese trimestre.

**CONDICIÓN S IMPORTANTES:**

Se o alumno é sorprendido copiando durante a execución dunha proba, suporá un cero na nota.

Se o alumno non superase algunha tarefa ou exercicios propostos, por non entregalo nas datas fixadas ou por non acadar os mínimos establecidos, terá que facer, cando o marque, en consenso co profesor, ou no seu defecto no mes de xuño, a correspondente recuperación da tarefa ou exercicio trimestral non superado.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA PARTE DESTA PROGRAMACIÓN QUE SE IMPARTIRÁ NA EMPRESA COLABORADORA OU CENTRO DE TRABALLO CT (terceira avaliación)**

O traballo realizado no CT cualificarase en función do seguimento do responsable docente e os informes do responsable titor da empresa de cada un dos alumnos.

É responsabilidade do alumno respectar as normas da Empresa Colaboradora, deberá cumprilas e non cometer faltas (puntualidade, asistencia, comportamento...) que puideran levar a non superar a súa estada. O alumno sobre o que se comunique un ditame desfavorable por parte da empresa, deberá realizar unha proba (escrita e/ou práctica) no Centro Educativo.

Ao remate da estada, o titor da empresa cualificará unicamente cun APTO ou NON APTO e cubrira un informe de seguimento cunha valoración para cada un dos CA realizados.

Mal; Regular; Ben; Moi ben; Excelente. A nota obterase do mesmo xeito que nas anteriores avaliacións (segundo o peso de cada CA aplicado na programación nesta UD) e seguindo os items proporcionados pola empresa. En función desta valoración, o profesor cualificará a terceira avaliación.

Esta nota deberá ter un valor mínimo de 5 puntos sobre 10 para ser un aprobado.

**A NOTA FINAL:**

Esta será a media do peso ou porcentaxe que lle corresponde a cada unha das UD.

Tendo en conta sempre o seguinte requisito:

--Para aprobar o módulo é necesario ter superadas todas as avaliacións.

--A cualificación da Empresa Colaboradora debe ser necesariamente APTO.

**6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas****6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

O alumnado que non obteña unha avaliación positiva, terá oportunidade dunha segunda proba de recuperación. Sempre que as circunstancias o permitan, consensuarase unha data entre alumno ou alumnos co profesor, antes da avaliación. Se por continxencias presentadas non se pode realizar esta recuperación antes da avaliación, realizarase no mes de xuño. Neste caso, alumnado será informado das actividades programadas

para a súa recuperación (se as houberse) temporalización e data na que será avaliado antes do mes de xuño.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

A perda de dereito a avaliación continua non procede no caso da modalidade de Dual. Non se prevé que o alumnado que curse ciclos formativos na modalidade Dual, que non asista ás actividades do Ciclo, en tal medida que puidese orixinar a súa perda do dereito á avaliación continua. Pero se as faltas son moi numerosas e acérpanse ao 50% das horas do módulo, e ademais, o alumno non desenvolveu as tarefas, non entregou os traballos ou non realizou as probas necesarias para avaliar a materia, pode ser avaliado no mes de xuño de todos aqueles criterios de avaliación que non puideron ser cualificados.

### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A ORDE de 12 de julio de 2011 na que se regulan procedementos de avaliación, no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento da Familia Profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando o grao el de cumprimento e unha xustificación razoada no caso de desviacións. Ademais a programación será revisada ao inicio do curso e entregárase unha memoria final de curso.

No seguimento da programación teranse en conta os principais indicadores do grao do cumprimento e as conclusións do docente ante calquera continxencia ou retraso:

1. O grao de cumprimento da temporalización
2. O logro dos obxectivos programados
3. Os resultados académicos acadados

Para o seguimento mensual, utilizarase a plataforma de Programacións no seu apartado Seguimento de programación. Aquí reflectirase o grao de cumprimento e a xustificación razoada no caso de desviacións.

Así mesmo, nas reunións do Equipo de Departamento, informarase sobre isto e farase constar na acta.

Para a memoria final, débese utilizar o modelo proporcionado pola Xefatura de Estudos ao final do curso, nesta memoria, se reflexara o grao de cumprimento expresada en porcentaxe, e unha valoración dos resultados académico obtidos.

### **8. Medidas de atención á diversidade**

#### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

o DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, establécense os principios, e fins do sistema educativo, destacando entre os principios que o inspiran a calidade da educación para todo o alumnado; a equidade, a inclusión educativa e a non discriminación; a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado. Como principio que rexe esta lei, hai que atender a cada un dos alumnos con medidas diferentes e adecuadas, atendendo á súa diversidade, co fin de axudarlles acadar o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional. Neste caso, por ser un grupo de FP dual, integrado por adultos, aínda que non se poden descoidar estes aspectos, é previsible que sexa un grupo homoxéneo e que non sexa necesario aplicar grandes diferencias na atención a cada un deles.

Atendendo á ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial e segundo recolle no seu Artigo 28 farase unha sesión de avaliación inicial ao principio do curso na que

eu, como titora do grupo, informarei ao Equipo Docente das características e capacidades individuais de cada alumno e das peculiaridades do grupo. Esta información recollereina do expediente do alumno, accesible no XADE; da información que recade entre o profesorado que os coñece do primeiro curso e das actividades e do contacto que teñamos na aula os primeiros días de clase.

### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

COMO MEDIDAS ORDINARIAS, DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE APLICAREI AS SEGUINTE:

- Resposta individual aos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Un seguimento intensivo e individualizado con cada un dos alumnos.
- Tutorías e comunicacións orientadas ao reforzo positivo
- Traballo colaborativo como metodoloxía para potenciar a inclusión respectando a diversidade.
- Programas de recuperación específicos para as materias non superadas, realizando as probas e exames necesarios para cada alumno, co fin de alcanzar o resultado positivo na adquisición das competencias.

## **9. Aspectos transversais**

### **9.a) Programación da educación en valores**

Formación Profesional ten un carácter técnico, pero no por iso se pode esquecer a educación en valores, que é tan importante como calquera ensinanza obrigatoria decretada no currículo. Esta é sumamente importante, polo tanto, ao longo deste módulo traballarase intensamente para inculcar pautas morais que axude aos alumnos a se converter en cidadáns responsables. Así pois, podemos destacar:

#### **EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE:**

Estará sempre presente, xa que, en ningún momento farase diferenza entre o alumnado por causa de sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica diferenciadora. Todos por igual, desempeñarán tódolos roles, incluídos os que habitualmente se asumen como masculinos nun taller de calzado (manexo de ferramentas, pesos, etc.) e como femininos (costura manual, limpeza de talleres). propoñendo o traballo en equipo compartindo entre alumnas e alumnos en todo momento.

#### **EDUCACIÓN AMBIENTAL:**

é fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e á natureza; promover o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, tecidos, auga, electricidade, etc. Insistirase na reciclaxe e na conservación. Realizaranse actividades de reciclaxe de materiais, co fin de educar o hiperconsumismo irresponsable, orientando cara unha economía solidaria, sostible e circular;

#### **EDUCACIÓN PARA A SALÚDE;** Tanto persoal como colectiva:

É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como unhas adecuadas prácticas de saúde, limpeza e hixiene, sen obviar que hai que educalos, para que a nivel profesional atendan súa saúde, pero tamén á dos demais, como elemento cotián do seu traballo.

#### **EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA:**

Procurarase resolver conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: propostas e ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de exames, etc. Prevención de riscos laborais: O módulo contempla numerosos CA dirixidos á prevención de riscos, polo tanto, a cultura e a educación na prevención de riscos laborais será intensa e estará presente na aula ao longo do curso, ademais de ser expresamente avialable.

**EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR:**

fomentarse entre os alumnos un consumo responsable, tanto Dos seus propios materiais como dos do Centro (tecidos, material informático, peles...). Na industria do calzado trabállase con materiais caros, e que tardan en se degradar, as peles, e as gomas de solas son de prezo elevado, por iso, inculcarse o sentido do aforro deses materiais.

**INTERCULTURALIDADE:**

Traballando dende o principio do respecto ás distintas culturas e xeitos de entender o mundo; véndoo como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas aulas de alumnos doutras culturas que axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

**9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

Estas actividades están previstas para realizar durante o curso escolar sempre que se poidan levar a cabo no desenvolvemento da programación. A temporización repartirase entre os dós trimestres e dependerán da dispoñibilidade orzamentaria.

**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:**

Visita a diferentes empresas del calzado para ver In situ o proceso de produción.

Visita a feiras.

Actividades extraescolares: (Magosto, Samaín, etc.)

**10. Outros apartados****10.1) Metodoloxía**

A metodoloxía maioritariamente será positiva e demostrativa aínda que tamén fomentarse no alumnado a investigación e a creatividade e promoverase a súa autonomía no traballo.

Realizánsese tres avaliacións, a terceira delas cos Contidos e CA aprendidos no Centro de Traballo.

**10.2) Traballos**

As explicacións e apuntamentos dos contidos, as actividades e tarefas subiranse á aula virtual para que o alumnado dispoña del en calquera momento.

Os traballos realizados serán entregados aos alumnos unha vez cualificados e pasado o período de reclamacións. Quedará no centro unha mostra gráfica (fotografía impresa, arquivo...) no Centro Educativo, a modo de constatación do traballo realizado.

**10.3) Recursos**

Para o desenvolvemento deste módulo empregaranse os recursos existentes no Centro Educativo: instalacións (aulas - taller), maquinaria e outros bens móbiles (ordenadores, máquinas de coser, mesas de corte...), materiais técnicos (tecidos, adhesivos, fíos,...) e material docente e de estudo (libros, revistas técnicas, vídeos...)